

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16345 *Lei orgánica 2/2020, do 16 de decembro, de modificación do Código penal para a erradicación da esterilización forzada ou non consentida de persoas con discapacidade incapacitadas xudicialmente.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade foi aprobada no ano 2006, ratificada posteriormente por España, e entrou en vigor no ano 2008. No seu articulado, a Convención recolle unha serie de artigos específicos sobre os dereitos das persoas con discapacidade en relación coa formación dunha familia, dun fogar, ser pais e nais e as súas relacións persoais. En concreto, o seu artigo 23.1 recolle o seguinte:

«Artigo 23. *Respecto do fogar e da familia.*

1. Os Estados parte tomarán medidas efectivas e pertinentes para pór fin á discriminación contra as persoas con discapacidade en todas as cuestións relacionadas co matrimonio, a familia, a paternidade e as relacións persoais, e lograr que as persoas con discapacidade estean en igualdade de condicións coas demais, co fin de asegurar que:

a) Se recoñeza o dereito de todas as persoas con discapacidade en idade de contraer matrimonio a casar e a fundar unha familia sobre a base do consentimento libre e pleno dos futuros cónxuxes.

b) Se respecte o dereito das persoas con discapacidade a decidir libremente e de maneira responsable o número de fillos que queren ter e o tempo que debe transcorrer entre un nacemento e outro, e a ter acceso a información, educación sobre reprodución e planificación familiar apropiados para a súa idade, e se ofrezan os medios necesarios que lles permitan exercer eses dereitos.

c) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e as nenas, manteñan a súa fertilidade, en igualdade de condicións coas demais.»

Non obstante, o recollido neste artigo non ten total vixencia no noso país. En España, aínda en día de hoxe, séguese a practicar a denominada «esterilización forzada ou non consentida» a persoas con discapacidade ou incapacitadas xudicialmente. Así o permite o noso Código penal no seu artigo 156:

«Artigo 156.

Non obstante o disposto no artigo anterior, o consentimento válido, libre, consciente e expresamente emitido exime de responsabilidade penal nos supostos de transplante de órganos efectuado consonte o disposto na lei, esterilizacións e cirurxía transexual realizadas por facultativo, salvo que o consentimento se obtivese viciadamente, ou mediante prezo ou recompensa, ou o outorgante sexa menor de idade ou careza absolutamente de aptitude para prestalo, caso en que non será válido o prestado por estes nin polos seus representantes legais.

Non será punible a esterilización acordada por órgano xudicial no caso de persoas que de forma permanente non poidan prestar de ningún xeito o consentimento a que se refire o parágrafo anterior, sempre que se trate de supostos excepcionais nos cales se produza grave conflito de bens xurídicos protexidos, co fin de salvagardar o maior interese do afectado, todo iso consonte o establecido na lexislación civil.»

A permanencia desta posibilidade legal no dereito nacional, máis dunha década despois da entrada en vigor do Tratado internacional das persoas con discapacidade, constitúe unha grave anomalía en termos de estritos dereitos humanos. Que o noso Estado siga permitindo que se vulneren os dereitos das persoas con discapacidade por mitos tales como «o ben da familia», «a incapacidade das mulleres con discapacidade para seren nais» ou «polo seu ben» atenta directamente contra o artigo 23 da Convención.

Cabe destacar que a Convención xa recoñece na alínea q) do seu preámbulo que as mulleres e as nenas con discapacidade adoitan estar expostas a un risco maior, dentro e fóra do fogar, de violencia, lesións ou abuso, abandono ou trato negligente, malos tratos ou explotación.

Ademais, no seu artigo 6, relativo ás mulleres e nenas con discapacidade, subliña que os Estados parte recoñecen que as mulleres e nenas con discapacidade están suxeitas a múltiples formas de discriminación e, a ese respecto, adoptarán medidas para asegurar que poidan gozar plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais.

A pesar destas apreciacións e acordos internacionais, o Comité sobre os dereitos para as persoas con discapacidade, na súa observación xeral n.º 1, confirma que as mulleres con discapacidade están suxeitas a altas taxas de esterilización forzosa e que, a miúdo, se lles nega o control da súa saúde reprodutiva e a toma de decisións, ao supor que non son capaces de consentir o sexo.

Na súa observación xeral n.º 3 sobre mulleres e nenas con discapacidade indícase que algunhas formas de violencia, explotación e abuso poden considerarse tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes e unha vulneración de diversos tratados internacionais de dereitos humanos. Entre elas cabe citar: o embarazo ou a esterilización forzada realizada baixo coerción, ou de maneira involuntaria, e todos os procedementos e as intervencións médicas realizadas sen o consentimento libre e informado, incluídos os relacionados coa anticoncepción e co aborto.

A anticoncepción e a esterilización forzosa tamén poden dar lugar á violencia sexual sen a consecuencia do embarazo, especialmente no caso das mulleres con discapacidade psicosocial ou intelectual, das mulleres internadas en centros psiquiátricos e noutras institucións e das mulleres privadas de liberdade.

Neste sentido, o Comité recoméndalles aos Estados parte que combatan a discriminación múltiple que padecen as mulleres con discapacidade mediante a derogación das leis, políticas e prácticas discriminatorias que impiden que as mulleres con discapacidade gocen de todos os dereitos consagrados na Convención; a prohibición da discriminación baseada no xénero e na discapacidade e nas súas formas interseccionais; e a tipificación como delito da violencia sexual contra as nenas e as mulleres con discapacidade e a prohibición de todas as formas de esterilización forzosa.

Por tanto, os Estados que ratificaron a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade teñen a obrigação de respectar, protexer e facer efectivo o dereito de todas as persoas con discapacidade á igualdade e á non discriminación. Nese sentido, os Estados parte deben absterse de toda acción que discrimine as persoas con discapacidade. En particular, deberán modificar ou derogar leis, regulamentos, costumes e prácticas existentes que constitúan discriminación contra esas persoas. O Comité deu a miúdo exemplos diso, por exemplo: leis de tutela e outras normas que vulneran o dereito á capacidade xurídica; leis de saúde mental que lexitiman a institucionalización forzada e a administración forzada de tratamentos, que son discriminatorias e se deben abolir; e a esterilización de mulleres e nenas con discapacidade sen o seu consentimento.

Cabe sinalar que a esterilización forzada é unha práctica máis estendida do que a opinión pública considera. Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, na última década practicáronse en España máis dun milleiro de esterilizacións forzadas, a maioría delas en mulleres. Só no ano 2016 o CERMI, baseándose en datos oficiais, sinala que houbo 140 casos, dándose 865 casos máis entre os anos 2005-2013.

Así mesmo, cabe subliñar o artigo 39 do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), en vigor en España desde 2014, que prohíbe expresamente as esterilizacións forzadas.

Nacións Unidas, a través do Comité de Dereitos das Persoas con Discapacidade, xa recomendou oficialmente, no ano 2011, ao Reino de España a acomodación do seu ordenamento interno (Código penal) neste punto, para que non se vulnerase esta garantía.

Debido a esta inacción das sucesivas administracións, da necesidade de mellorar a protección dos dereitos das nenas e mulleres con discapacidade e de defender dereitos básicos das persoas con discapacidade, é preciso que a esterilización forzosa ou non consentida se deixe de practicar en España.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Suprímese o parágrafo segundo do artigo 156 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Disposición transitoria única. *Procedementos en curso.*

Os procedementos que, consonte o establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, estivesen en trámite ou tramitados pero non executados no momento da entrada en vigor desta lei orgánica quedarán sen efecto e a persoa obxecto deles recuperará a plena liberdade de decisión respecto de someterse ou non ao tratamento médico.

Disposición derradeira primeira. *Disposicións con carácter de lei ordinaria.*

Teñen carácter de lei ordinaria a disposición transitoria única e a disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación penal.

Disposición derradeira terceira. *Adaptación normativa.*

O Goberno remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de lei de modificación da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, co obxectivo de reforzar que as persoas con discapacidade que precisen de apoios humanos e materiais, incluídos os tecnolóxicos, contén coa información necesaria e a documentación clínica en formatos, canles e soportes accesibles para que a decisión que adopten na súa calidade de pacientes sexa libre e informada, e para reforzar a obrigação dos poderes públicos de garantir o dereito á saúde sexual e reprodutiva das persoas con discapacidade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 16 de decembro de 2020

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN